



PROGRAMACIÓN

MÚSICA E MOVEMENTO

(CURSO 2021-2022)

Índice:

1. Introducción.....	3
2. Música e Movemento I (4-5 anos).....	4
2.1. Obxectivos:	4
2.2. Contidos:.....	5
3. Música e Movemento II (6 anos)	6
3.1. Obxectivos	6
3.2. Contidos.....	7
4. Música e Movemento III (7 anos).....	8
4.1. Obxectivos	8
4.2. Contidos.....	9
5. Metodoloxía	10
5.1. Métodos Didácticos:	10
5.2. Principios Metodolóxicos	11
6. Avaliación	12

1. Introducción

Na actualidade a música adquiriu unha notable presenza na nosa vida cotiá. Se ben no pasado, a súa ensinanza estaba reservada a uns poucos, hoxe en día son moitos os alumnos e alumnas que cursan os seus estudos musicais en Escolas de Música e Conservatorios.

A materia de Música e Movemento pretende ser unha forma de sensibilización musical para o alumnado, e a través dela adquirirá capacidades e competencias fundamentais para o seu futuro desenvolvemento musical como instrumentistas. Alén disto, a educación musical facilita o desenvolvemento integral do alumnado, empregando a música como elemento unificador e catalizador do traballo cooperativo, a creatividade e a sensibilidade musical.

Non debemos tomar esta materia coma unha mera aproximación ao linguaxe musical, pois a través dela o alumnado desenvolverá capacidades cognitivas, psicomotrices e sociais que axudarán á súa evolución e maduración coma individuo.

A participación nesta materia é convinte para os nenos menores de 8 anos, pois, a través do xogo e a interacción social, axudará ao desenvolvemento das súas capacidades técnicas, expresivas e musicais que serán de grande valor como futuros instrumentistas.

Esta materia está orientada a nenos de 4 a 7 anos divididos en tres grupos por rangos de idade:

- Música e Movemento I (4 e 5 anos)
- Música e Movemento II (6 anos)
- Música e Movemento III (7 anos)

2. Música e Movemento I (4-5 anos)

2.1. Obxectivos:

O1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súas capacidades e limitacións de acción e expresión.

O2. Actuar de forma cada vez máis autónoma nas súas actividades habituais, acadando progresivamente seguridade afectiva e emocional e desenvolvendo as súas capacidades de iniciativa.

O3. Utilizar as posibilidades do son, xesto e movemento corporal como instrumento de comunicación e expresión da súa realidade cotián e do seu mundo afectivo.

O4. Explorar materiais e instrumentos musicais elementais, e coñecer e adquirir os primeiros elementos dos códigos e técnicas específicas da linguaxe musical para coñecer as súas propiedades, fins e posibilidades expresivos, comunicativos e lúdicos.

O5. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.

O6. Explorar materiais e instrumentos musicais diversos, para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos, comunicativos lúdicos.

O7. Experimentar e gozar cos primeiros elementos musicais na elaboración de producións artísticas.

O8. Realizar producións musicais sinxelas de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios na elaboración dun produto final.

O9. Coñecer os primeiros medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

O10. Iniciarse no coñecemento e respecto das principais manifestacións artísticas e musicais tanto do propio patrimonio cultural como do alleo.

2.2. Contidos:

- Os instrumentos e as familias de instrumentos.
- Exploración da voz falada e cantada.
- O son; calidades e elementos constitutivos: altura, duración, intensidade e timbre.
- Iniciación ao canto.
- Notación Non Convencional.
- Iniciación a notación Convencional.
- Iniciación ao linguaxe musical.
- As propiedades sonoras do corpo, dos obxectos de uso cotián e dos instrumentos musicais.
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Ruído, silencio e música.
- Audición de pezas musicais ou fragmentos de obras
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos e voces.
- Exploración das actividades sonoras do mundo propio e circundante como un primeiro paso para o descubrimento e coñecemento das calidades do son.
- Control do corpo: actividade, movemento, respiración, repouso e relaxación.
- O corpo como elemento de expresión e comunicación.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación, rotación e posición.
- Diferenciación espazo-tempo na realización persoal e de grupo do movemento.

- Interpretación individual e grupal dun repertorio de cancións sinxelas, seguindo o ritmo e a melodía.
- Actitude positiva ante o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con alegría e desinhibición.

3. Música e Movemento II (6 anos)

3.1. Obxectivos

O1. Descubrir, coñecer e controlar progresivamente o propio corpo, formándose unha imaxe positiva de si mesmos e valorando a súas capacidades e limitacións de acción e expresión.

O2. Utilizar as posibilidades do son, xesto e movemento corporal como instrumento de comunicación e expresión da súa realidade cotián e do seu mundo afectivo.

O3. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.

O4. Explorar materiais e instrumentos elementais musicais, coñecer e adquirir os primeiros elementos dos códigos e técnicas específicas da linguaxe musical para coñecer as súas propiedades, fins e posibilidades expresivos, comunicativos e lúdicos.

O5. Desenvolver a sensibilidade estética e a creación artística a través de actividades musicais diversas que permitan a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

O6. Realizar producións musicais de forma cooperativa que supoñan papeis diferenciados e complementarios.

O7. Desenvolver unha relación de auto-confianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.

O8. Iniciarse no coñecemento e respecto das principais manifestacións artísticas e musicais do noso patrimonio cultural propio.

O9. Coñecer os primeiros medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.

O10. Demostrar a coordinación necesaria para a correcta interpretación do ritmo, utilizando as destrezas de asociación e disociación correspondente.

3.2. Contidos

- Os instrumentos: familias e agrupacións.
- O son, calidades e elementos constitutivos: altura, duración, intensidade e timbre.
- Iniciación ao canto.
- Notación Convencional e Non Convencional.
- Iniciación á linguaxe musical.
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Audición de pezas musicais ou fragmentos de obras e análise dos elementos musicais das mesmas.
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos, voces, estilos e épocas diferentes.
- O corpo como instrumento rítmico.
- Práctica das actividades básicas do movemento: locomoción, xesto, elevación, rotación e posición.
- Diferenciación espazo-tempo na realización persoal e de grupo do movemento.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Os instrumentos como un medio para improvisar, crear e acompañar.
- Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.

- Práctica instrumental con instrumentos Orff de altura indeterminada e determinada.
- Ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.

4. Música e Movemento III (7 anos)

4.1. Obxectivos

O1. Desenvolver a sensibilidade estética e a creación artística a través de actividades musicais diversas que permitan a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.

O2. Utilizar o coñecemento dos elementos musicais básicos no análise de producións artísticas propias e alleas e na elaboración de producións propias.

O3. Expresarse e comunicarse producindo mensaxes diversas, utilizando para iso os códigos e as formas básicas da linguaxe musical.

O4. Explorar materiais e instrumentos musicais diversos, para coñecer as súas propiedades e posibilidades de utilización con fins expresivos, comunicativos e lúdicos.

O5. Utilizala voz e o propio corpo como instrumentos de representación e comunicación musical.

O6. Comprender e usar os elementos máis básicos da notación musical.

O7. Desenvolver unha relación de auto-confianza coa produción artística persoal, respectando as creacións propias e as dos outros e sabendo recibir e expresar críticas e opinións.

O8. Coñecer e respectar as principais manifestacións artístico-musicais presentes no contorno, así como os elementos máis destacados do patrimonio cultural, desenvolvendo criterios propios de valoración.

O9. Demostrar a coordinación necesaria para a correcta interpretación do ritmo, utilizando as destrezas de asociación e disociación correspondente.

4.2. Contidos

- Distinción auditiva entre son, ruído e silencio.
- Notación convencional e non convencional.
- Iniciación á linguaxe musical
- Lectura de exercicios rítmicos sobre as figuras básicas
- A música como linguaxe e medio de expresión.
- Audición de pezas musicais, fragmentos de obras e análise dos elementos musicais das mesmas.
- O silencio como parte esencial para a música
- Discriminación auditiva mediante audición de instrumentos, voces, estilos e épocas diferentes.
- O corpo como instrumento rítmico.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Adaptación do movemento a elementos rítmicos a través da imitación, memorización e posterior recoñecemento.
- Os instrumentos como un medio para improvisar, crear e acompañar.
- Exercitación da memoria auditiva a través de exercicios de recoñecemento sonoro.
- Práctica instrumental con instrumentos Orff de altura indeterminada e determinada.
- Interpretacións de pezas instrumentais en grupo.
- Ostinatos rítmicos e melódicos como forma de acompañamento.
- Elaboración e seguimento de partituras sinxelas.
- Desinhibición e respecto ante execucións dos demais.
- Coidado e responsabilidade dos instrumentos da clase, manexo con corrección e mantemento dos mesmos.

- Valoración do instrumento e da práctica instrumental.
- Actitude positiva ante o grupo, aceptando e sendo aceptado, participando con alegría e desinhibición.

5. Metodoloxía

5.1. Métodos Didácticos:

Os métodos didácticos empregados na materia de Música e Movemento son os seguintes:

- Método de proxectos: a partir do plantexamento dunha idea previa ou unha situación onde o alumno de forma creativa elabore un proxecto para resolvela. Para iso, os alumnos terán que coñecer, nun primeiro lugar, todos os datos e todos os medios que necesitan, comparalos e elixir os que necesitan para realizar a tarefa.
- Aprendizaxe por descubrimento: o docente non é un mero facilitador de coñecemento, se non que a través da experimentación e do ensaio-error serán os propios alumnos e alumnas quenes xerarán dito coñecemento.
- Métodos didáctico-musicais:
 - o Edgar Willems: Este método parte de que a música é unha linguaxe e como a lingua materna que precisa un proceso de aprendizaxe anterior, baseada na escoita (desenvolvemento sensorial), que implica unha retentiva (desenvolvemento afectivo), chegando a conciencia a través da imitación (desenvolvemento mental). O método de Willems utilizarémo-lo en toda a parte na que tratemos o son ou o ritmo.
 - o Zlotan Kodály: Para Kodály a formación musical só se alcanza co adestramento sistemático da mente, da sensibilidade e da habilidade manual, para iso é necesario traballar o folclore, desenvolver ó máximo a sensibilidade auditiva, considerar o canto

como a base para a ensinanza musical e fomentar a práctica da lectura e escritura para aumentar a súa cultura musical.

- Carl Orff: Para este pedagogo, o traballo práctico é fundamental, xa que primeiro hai que oír, facer música e pensar, imaxinar música e a partir desta práctica pásase a teoría sobre o realizado. O contacto co ritmo, a melodía e a métrica debe facerse a través da linguaxe e do movemento. O uso do movemento axuda de maneira decisiva a asimilación dos ritmos, ademais de desenvolver a psicomotricidade, e a través da linguaxe utilizando palabras monosílabas, bisílabas, tetrasílabas pódese introducir aos alumnos a un esquema mental de duración proporcional dos sons, o que facilitará a introdución de figuras musicais equivalentes. A improvisación tamén é algo fundamental para este autor tanto rítmica como melódica porque incide na creatividade dos rapaces, e esta poden ir no medio de prácticas instrumentais ou pódense facer improvisacións rítmicas de pregunta-resposta...
- Jos Wuytack: Baséase nos principios de actividade, creatividade, cooperación e totalidade. A súa metodoloxía pretende facer unha música elemental que estea unida a palabra e o movemento, para que o alumnado poida ver a música como un conxunto que combina elementos como a voz, que é o medio de expresión humana, os instrumentos Orff, que se utilizan para a creación e interpretación musical, e o corpo, por medio do movemento, a mímica e a danza. Orff tamén lle da importancia a tímbrica instrumental, introducindo a práctica de instrumentos escolares de técnica fácil, os denominados “instrumentos Orff”.

5.2. Principios Metodolóxicos

- A actividade: Trátase dun método moi útil, parte do principio de que se aprenden a través da práctica. Partindo dos contidos procedimentais e

actitudinais, os alumnos comprenden os conceptos impartidos polo profesor.

- A unidade de teoría e práctica: Para que a práctica e a teoría teñan unha unidade utilízanse as actividades e nelas é necesario desenvolver a capacidade reflexiva, analítica e un desenvolvemento crítico por parte do alumnado.
- A atención personalizada: É necesario que o docente atenda as capacidades individuais e afectivas de cada rapaz da aula, tendo en conta os esforzos e os avances que realiza ao longo do curso.
- Creatividade: Todos os rapaces posúen unha gran creatividade se a motivamos a través das actividades que inciten o pensamento, a improvisación ou a composición.
- A interdisciplinabilidade: búscase a conexión cos bloques de contidos doutras materias.
- A socialización: Trátase por medio de actividades en grupo, onde se traballe conxuntamente ou con distintas actividades e os rapaces se relacionen entre si.

Durante o transcurso desta materia empregaremos maioritariamente unha metodoloxía baseada na aprendizaxe significativa e no construtivismo, onde os alumnos a partir do seu coñecemento, desenvólvense contidos de forma estruturada, de forma que as novas aprendizaxes son xeradas a partir dos coñecementos que xa interiorizados.

6. Avaliación

A avaliación desta materia será continua e terá en conta tanto a capacidade expresivo-comunicativa e coma o grao de coñecemento adquirido, enfocándose principalmente na evolución das actitudes e destrezas musicais do alumnado, así coma na consecución dos obxectivos propostos para cada nivel.

O instrumento de avaliación principal será a observación directa da evolución do alumnado por parte do docente, atendendo aos seguintes puntos:

- Grado de asistencia a clase.
- Grado de participación e interese nas tarefas que se realicen individual e en grupo.
- Grado de consecución das tarefas propostas no aula.
- Grado de respecto de cara ao material da aula, aos compañeiros e ao persoal docente e non docente do centro.